

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1U0	<i>Expediente</i> CON/45/2016	<i>Fecha</i> 28-10-16 11:42

Número 16 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato de rexeneración do pavimento de calzada da vía de servizo oeste (marxe impares) da Avda. do Cruceiro da Coruña.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de outubro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 16 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE CALZADA DA VÍA DE SERVIZO OESTE (MARXE IMPARES) DA AVDA. DO CRUCEIRO DA CORUÑA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 20 de outubro de 2016, do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, nº 2016/645, de data 25.10.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Jorge Duarte Vázquez**, concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, e presidente da mesa de contratación da licitación "Rexeneración do pavimento de calzada da vía de servizo oeste (marxe impares) da Avda. do Cruceiro da Coruña", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1U0	<i>Expediente</i> CON/45/2016	<i>Fecha</i> 28-10-16 11:42

Primeiro: Con data 4 de outubro de 2016 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL.

Segundo: Con data 20 de outubro celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL**, por un importe de **123.902,48 euros** (IVE aparte 21%: 26.019,52 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15320 61900."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de "Rexeneración do pavimento de calzada da vía de servizo oeste (marxe impares) da Avda. do Cruceiro da Coruña" a favor da empresa **EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL**, por un importe de **123.902,48 euros**, (IVE aparte 21%: 26.019,52 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15320 61900.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

CONCELLO DE SANTIAGO

202